



Asunto: Resolución de inscripción de modificación de estatutos da asociación CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL PORTAS ABERTAS

Examinado o expediente de solicitude de inscripción da modificación dos estatutos da asociación CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL PORTAS ABERTAS, inscrita co núm. 1990/000892-1 neste Rexistro Provincial de Asociacións, e tendo en conta os seguintes

FEITOS:

Primeiro. Con data 12/06/2015 recibiuase a solicitude presentada por JOSE PAZ PAZ, presidente da asociación, para a inscripción da modificación dos estatutos, aprobados por acordo da Asemblea Xeral en data 30/04/2015, segundo consta na certificación que acompañan á solicitude.

Segundo. Os estatutos presentados, que substitúen aos anteriormente inscritos, conteñen os requisitos esixidos na normativa vixente e son modificados totalmente.

Consta como novo domicilio da asociación o seguinte: r/ Xacinto Santiago, nº 23 – 32616 VILARDEVOS (Ourense)

CONSIDERACIÓNIS LEGAIS

Primeiro. Esta Xefatura Territorial é competente para resolver a inscripción solicitada, en virtude do previsto no Decreto 336/1996, do 13 de setembro sobre asunción de funcións e servizos, pola Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de asociacións, Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro central de Asociacións e se regula a organización e funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, e Decreto 303/2009, de 21 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Pùblicas e Xustiza.

Segundo. A Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, establece no artigo 28 que deben inscribirse correspondente rexistro as modificacións dos estatutos, e o Real decreto 1497/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do rexistro nacional de asociacións e das súas relacións cos restantes rexistros de asociacións, regula no artigo 10 a documentación que debe presentarse para a inscripción da modificación dos estatutos.

Terceiro. Analizada a documentación que consta no expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa vixente para a súa inscripción no Rexistro de asociacións desta Comunidade Autónoma

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, RESOLVO:

Visar os estatutos modificados e ordenar a súa inscripción no Rexistro de Asociacións, para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución.


Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Presidencia, Administracións Pùblicas e Xustiza, no prazo de un mes, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Régime Xurídico das Administracións Pùblicas e Procedemento Administrativo Común.

Ourense, 16 de xuño de 2015

O XEFE/A TERRITORIAL

DE LA SECRETARIA TERRITORIAL

Marisol Díaz Mouteira





C.D.R. "PORTAS ABERTAS"



## ESTATUTOS

### POLOS QUE SE REXERÁ A

#### ASOCIACIÓN DO CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL PORTAS ABERTAS

## CAPÍTULO I

### DA ASOCIACIÓN EN XERAL

**Artigo 1º-** En base ó dereito de libre asociación recoñecido pola Constitución de 1978, e ó amparo da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación constitúese unha asociación que se denomina CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL "PORTAS ABERTAS"

A asociación do Centro de Desenvolvemento Rural "Portas Abertas" nace con personalidade xurídica propia e goza de plena autonomía no exercicio das súas actividades de acordo cos presentes Estatutos e Conforme á lexislación vixente, carecendo de ánimo de lucro.

A asociación do Centro de Desenvolvemento Rural "Portas Abertas" constitúese por tempo indefinido.

**Artigo 2º-** O ámbito de actuación abarcará todas aquelas zonas que territorialmente se consideren dentro da Comarca natural de Monterrei, así como a totalidade da provincia de Ourense.

Na medida que a lexislación o permita, a Asociación do Centro de Desenvolvemento Rural "Portas Abertas" poderá actuar e/ou colaborar en accións sociais, de desenvolvemento e cooperación internacional, dentro da Unión Europea e nos países en vías de desenvolvemento.

**Artigo 3º-** Fíxase o seu domicilio social central na R/Xacinto Santiago- 23, Vilardevós (Ourense), teléfono: 988417232 e correo electrónico [rural@cdrportasabertas.org](mailto:rural@cdrportasabertas.org), áinda que por efectos de operatividade poderanse abrir delegacións en calquera punto da Comarca.

**Artigo 4º-** Son fins da asociación:

4.1-

- a) Ser lugar de encontro e coordinación de institucións, grupos e persoas que traballan e se preocupan polo medio rural e as súas específicas problemáticas.
- b) Realizar estudos e análises obxetivos sobre a situación actual e as perspectivas de futuro das zonas rurais.
- c) Ser centro de iniciativas tendentes a impulsar e canalizar accións conxuntas coas diversas Administracións (locais, provinciais, autonómicas, estatais, europeas e



C.D.R. "PORTAS ABERTAS"

- internacionais), entidades e institucións, públicas e privadas, para promover a solución dos problemas da zona e mellorar a calidade de vida da poboación.
- d) Impulsar a educación, formación, información, ensinanza e cultura do medio rural en todos os seus aspectos e promover o desenvolvimento e o progreso, económico, social e medio ambiental do mesmo.
  - e) Apoiar cantas iniciativas se dean a favor da revalorización humana, técnica e económica, da agricultura e da gandería: a vez que se promove a busca de novas actividades, sociais e económicas, surxidas dun posible mellor aproveitamento dos recursos humanos e naturais.
  - f) Promover a participación e o desenvolvimento de todos os membros da comunidade rural: infancia, mozos/as, mulleres, maiores, persoas con discapacidade, enfermos/as mentais e outros colectivos en situación de marxinación e/ou exclusión social, na afirmación da súa propia identidade rural; con referencia especial á familia.
  - g) Organizar cantas actividades sexan precisas para conseguir mellorar a formación, información e promoción en diversos campos:
    - Economía social, emprego e autoemprego.
    - Asociacionismo, participación cidadá e desenvolvemento comunitario.
    - Responsabilidade social (económica, social e medio ambiental).
    - Igualdade de oportunidades.
    - Necesidades asistenciais e de equipamento.
    - Rehabilitación do entorno físico e do medio ambiente.
    - Economía, transformación e comercialización agraria e gandeira.
    - Patrimonio histórico-artístico, cultural, lingüístico, etnolóxico, gastronómico e medio ambiental.
    - Animación sociocultural, actividades deportivas e de ocio e tempo de lecer e de expresión e comunicación.
    - O artesanado, turismo rural, medio ambiente, voluntariado, etc.

E todo elo desde a perspectiva de xénero e a igualdade de oportunidades.

- h) Cooperar ó desenvolvemento dos pobos, tanto en España como no estranxeiro; definíndose esta Asociación, a todos os efectos, como Organización Non Gubernamental (ONG).
- i) Promover a sensibilización, captación, formación, apoio e coordinación do voluntariado social no medio rural, ante as crecientes necesidades de intervención a favor de todos os sectores de poboación; potenciando as actividades de voluntariado e a integración dos voluntarios/as nos programas e na estrutura organizativa do C.D.R Portas Abertas.
- j) Prestar especial atención e apoio, a través de programas específicos, ós colectivos de persoas maiores, dependentes, persoas con discapacidade, enfermos/as mentais, menores en situación de conflito e/ou risco de exclusión social, reclusos/as e ex-



C.D.R. "PORTAS ABERTAS"

- reclusos/as, inmigrantes, minorías étnicas, drogodependentes, mulleres que sufren violencia de xénero,... e outros colectivos en situación de exclusión social.
- k) Promover a realización de programas medio ambientais, de protección da natureza, do entorno rural e o desenvolvimento sostible, relacionados coa conservación e defensa dos espazos naturais e da fauna e a flora silvestres, do patrimonio natural, da biodiversidade e prevención da contaminación e do cambio climático.
  - l) Favorecer o desenvolvimento sostible do medio rural en tanto que supón unha condición básica que garante a igualdade de todos os cidadáns no exercicio de determinados dereitos constitucionais; conservación, uso sostible dos recursos naturais, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade.
  - m) Realización de programas de formación dirixidos ós/as profesionais do sector agroalimentario e do medio rural, con especial incidencia no desenvolvimento e a mellora da cualificación dos/as agricultores/as, gandeiros/as, emprendedores/as, directivos e outros/outras profesionais e traballadores/as do medio rural no sector agroalimentario.
  - n) Promover a inserción laboral de persoas en situación de exclusión social, mediante o apoio á posta en marcha de empresas de inserción.

#### 4.2- Para o cumprimento destes fins realizaranse as seguintes actividades:

- a) Coordinación, información e asesoramento integral a asociacións, entidades privadas, persoas físicas, pequenas e medianas empresas e organismos públicos.
- b) Educación, formación, información, animación, dinamización, atención social e asistencial de nenos/as, mulleres, mozos/as, persoas maiores, persoas con discapacidade física ou psíquica, inmigrantes, minorías étnicas, enfermos/as mentais, familias desestruturadas, menores en situación de conflito ou risco social, reclusos/as e exreclusos/as, drogodependentes, mulleres maltratadas e outros colectivos e/ ou persoas en situación de marxinación ou exclusión social; sempre dentro das directrices marcadas para o cumprimento dos obxectivos desta asociación.
- c) Deseño, estrutura e desenvolvemento de plans e programas integrais de intervención no medio rural.
- d) Programas de sensibilización, captación, formación, apoio e coordinación de voluntarios/as sociais.
- e) Participación, activa e exemplarizante, en proxectos e iniciativas relativas ó primeiro apartado.



C.D.R. "PORTAS ABERTAS"



- f) Actividades deportivas, mediante unha sección deportiva de xadrez ou de outras prácticas que a entidade considere oportunas, acatando a Lei 3/2012 do 2 de abril do deporte de Galicia.

## CAPÍTULO II

### DOS/AS ASOCIADOS/AS

**Artigo 5-** A asociación estará constituída polos seguintes membros:

- Membros de honor.
- Membros activos.

**Artigo 6-** Serán membros de honor as persoas que considere oportuno nomear a Asemblea Xeral a proposta de como mínimo 10 socios/as activos cunha antigüidade igual ou superior a tres anos.

Estes socios/as non terán ningunha obriga e por tanto non estarán afectados polo articulado destes estatutos.

**Artigo 7-** Poderán ser socios/as activos da asociación as persoas físicas ou xurídicas , que residan ou estean domiciliadas cunha antigüidade mínima de seis meses no ámbito de actuación da mesma.

**Artigo 8- Para adquirir a condición de socio/a será preciso:**

- a) Presentar petición por escrito de admisión á Xunta Directiva, a cal deberá resolver no prazo máximo de noventa días. Se transcorrese dito prazo sen tomar resolución ó respecto entenderase a solicitude como denegada.
- b) No caso de ser admitido o/a socio/a deberá desembolsar a cota do seu ingreso, na contía e condicións acordadas pola Asemblea Xeral en cada momento, e as cotas periódicas, se así se determinase.
- c) O solicitante a condición de socio/a, non poderá estar inmerso en accións delituosas, estar incapacitado ou estar suxeito a incompatibilidades, ou ter conflito de intereses cos fins da asociación (se as incompatibilidades ou conflitos de intereses foran temporais poderase optar a solicitar baixa namentres estes durasen).
- d) Non poderán ser socios/as nin solicitar o ingreso na entidade aquelas persoas físicas ou xurídicas que fosen socios/as e fosen expulsados ou tiveran actuaciones en contra da asociación e os seus fins.

H  
P  
B



C.D.R. "PORTAS ABERTAS"



#### **Artigo 9- Pérdese a condición de membro desta asociación.**

- a) Por decisión do propio socio/a a través da solicitud de baixa voluntaria (sin que a solicitud de baixa, implique a eximencia de obligatoriedades anteriores á baixa).
- b) Por expulsión determinada pola Asemblea Xeral Extraordinaria da Asociación, a proposta da Xunta Directiva e previa audiencia, se o desexa, do socio/a ou do representante do/a mesmo/a, polas seguintes causas:
  - Atentar gravemente contra os fins e actividades da asociación.
  - Negarse reiteradamente a pagar as cotas obligatorias.
  - Por faltar tres veces seguidas, ou cinco alternas ás reunións da Asemblea Xeral, sen causa xustificada.
  - Por incumprimento grave das obrigas estatutarias.
  - Por conflicto de intereses, competencia desleal e contraria os fins da entidade.
  - Por calquera outra causa grave que a Asemblea Xeral entenda como suficiente para promover a expulsión.

Para a tramitación dunha expulsión, que será competencia da Asemblea, a Xunta Directiva, co seus representantes legais (en mínimo de tres) tramitará un expediente argumentado, no que se recollan as xustificacións das dúas partes que será presentado a Asemblea Xeral.

#### **Artigo 10- Son dereitos dos socios/as desta asociación:**

- a) Ser elector ou elixible para os cargos dos órganos sociais.
- b) Formular propostas e participar con voz e voto na adopción de acordos pola Asemblea Xeral e demais órganos sociais dos que forman parte.
- c) Recibir a información necesaria para o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas, de acordo co establecido na Lei Xeral e nos Estatutos.
- d) Participar nas actividades que leve a cabo a Asociación para cumprimento dos seus fins, sen ningunha discriminación.
- e) Os demais dereitos que resulten das normas legais e destes Estatutos.
- f) No caso de que o socio sexa unha entidade xurídica, terán o derecho de actuar con voz dúas persoas representantes da mesma, ánda que en caso de votacións terán derecho a un único voto.

#### **Artigo 11- Son obrigas dos socios/as.**

- a) Cumprir os presentes Estatutos.
- b) Asistir ás Asembleas Xerais, participar na elección dos membros da Xunta Directiva e dos demais órganos sociais da entidade.
- c) Pagar as cotas que se establezan para o funcionamento da Asociación e dos seus servizos.
- d) Gardar segredo sobre aqueles datos e asuntos da Asociación cuxa divulgación poida prexudicar ós intereses sociais lícitos.



C.D.R. "PORTAS ABERTAS"



- e) Non realizar actividades en contra dos fins da asociación.
- f) Aceptar os cargos para os que fosen elixidos, salvo xusta causa de escusa.
- g) Cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos da asociación.

### CAPÍTULO III ÓRGANOS DE GOBERNO

**Artigo 12-** Os órganos de goberno desta asociación son: A Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

A Asemblea Xeral

**Artigo 13- A Asemblea Xeral:**

- a) É o órgano máximo de goberno da asociación.
- b) A Asemblea Xeral, constituída validamente, é a reunión dos socios/as para deliberar e tomar acordos, como órgano supremo de expresión da vontade social.
- c) Os acordos da Asemblea Xeral, adoptados conforme ás Leis e a estes Estatutos, obrigan a todos/as os/as socios/as, inclusive os disidentes e ós que non participen na reunión.

**Artigo 14-** A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario unha vez ó ano, como mínimo, e con carácter extraordinario sempre que o acorde a Xunta Directiva ou por petición do 25% dos socios/as, ou do Presidente/a e/ou o/a Coordinador/a Xeral.

A convocatoria de Asemblea Xeral Ordinaria deberá ser convocada dentro dos seis meses seguintes ó peche do exercicio económico. Se transcorrese dito prazo sen que teña lugar a convocatoria, os/as socios/as deberán instar á Xunta Directiva para que a convoque no prazo de quince días, se non fose así, deberán solicitalo ó Xuíz do Distrito do domicilio social da asociación.

A convocatoria de Asemblea Xeral Extraordinaria acompañarase da orde do día. Se o requerimento de solicitud de Asemblea Xeral Extraordinaria non fose atendido pola Xunta Directiva no prazo de 30 días, os solicitantes poderán instar do Xuíz do distrito do domicilio social da Asociación que ordene a convocatoria.

**Artigo 15-** A Asemblea Xeral estará presidida polo Presidente/a da Xunta Directiva ou por quien estatutariamente o substitúa, actuando como Secretario/a da Xunta Directiva. De cada reunión levantarase unha ACTA que será subscrita polo Secretario/a co V.B do Presidente/a.



C.D.R. "PORTAS ABERTAS"



#### Artigo 16- Competencia:

- a) Tódolos asuntos propios da asociación, áinda que sexan competencia dos outros órganos sociais, poden ser obxecto de debate e acordo da Asemblea Xeral.
- b) Será perceptivo, baixo pena de nulidade, o acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria para os seguintes actos:
  - Nomeamento e revogación dos Membros da Xunta Directiva.
  - Exame da xestión social e aprobación das contas anuais.
  - Establecemento de achegas ou cotas.
  - Creación de Delegacións e facultar os/as Delegados/as.
  - Modificación dos Estatutos.
  - Fusión, escisión e disolución da Asociación.
  - Aprobación ou modificación do Regulamento Interno da Asociación.
  - A solicitude de declaración de utilidade pública e de interese social.
  - Calquera outra cuestión, que pola súa extrema gravidade, a Xunta Directiva determine que debe ser tratada en Asemblea Xeral Extraordinaria.
  - É indelegable a competencia da Asemblea Xeral sobre os actos en que o seu acordo é perceptivo.

#### Artigo 17- Os acordos da Asemblea Xeral adaptaranse da seguinte forma:

- a) Para a Asemblea Xeral Ordinaria, por maioría simple dos votos dos presentes con dereito a voto.
- b) Para a Asemblea Xeral Extraordinaria, por maioría absoluta dos votos dos presentes con dereito a voto (a metade máis un).
- c) Para modificación dos Estatutos, ou Disolucion da Asociación, será preciso o acordo de  $\frac{2}{3}$  partes dos/as socios/as da entidade en primeira convocatoria. De non estar presente o quorum requerido tomarase o acordo de convocala de novo, cun prazo mínimo de 24 horas e un máximo de 72 horas, caso no que será valido o acordo coas  $\frac{2}{3}$  partes dos presentes.

#### Artigo 18- Dereito a voto. Voto por representante.

- a) Cada socio/a ten dereito a un voto. O/a socio/a non poderá votar (ou delegar o voto) cando o acordo que se someta á Asemblea teña por obxecto a resolución dos recursos interpostos polo/a socio/a, ou sancións que lle fosen impostas pola Xunta Directiva, ou nos casos nos o acordo verxe sobre unha situación de conflito de intereses entre o/a socio/a e a Asociación.
- b) O dereito a voto dos/as socios/as que sexan persoas físicas, poderase exercer estando representado na Asemblea por un membro da unidade familiar, con capacidade de obrar, e portando a delegación expresa para ese acto do/a socio/a.



C.D.R. "PORTAS ABERTAS"



A delegación do voto farase sempre por escrito autógrafo orixinal, asinado e para unha Asemblea en concreto.

Corresponderá á Xunta Directiva decidir sobre a idoneidade do escrito que acredita a representación.

c) As persoas xurídicas asociadas poderán asistir ás Asembleas, con dúas persoas con voz, áinda que soamente terán dereito a un único voto.

#### A Xunta Directiva:

#### Artigo 19- Natureza e competencia.

A Xunta Directiva é o órgano de goberno que de forma permanente dirixe ó C.D.R Portas Abertas e controla a súa administración e exerce a súa representación con suxeición a Lei, a estes estatutos e á política xeral fixada pola Asemblea Xeral.

#### Artigo 20- Exercicio de representación.

- O/a Presidente/a e o/a Coordinador/a Xeral, teñen a representación legal da Asociación sen prexuízo de incorrer en responsabilidade se a súa actuación non se axusta ós acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- A Xunta Directiva poderá conferir apoderamentos a calquera persoa, cuxas facultades representativas se establezan na escritura do poder.

#### Artigo 21- A Xunta Directiva estará composta por un mínimo de cinco persoas e un máximo de once.

A Xunta Directiva elixirase por un período de catro anos. Sendo posibles as reeleccións, sen limitación algúnya, tanto do/a Presidente/a como dos demás membros.

Aínda que concluíra o período polo que fosen elixidos os membros da Xunta Directiva continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a renovación.

A Asemblea Xeral Extraordinaria poderá revocar, en todo momento, a elección de calquera membro da Xunta Directiva.

No caso de vacantes na Xunta Directiva, cubriranse por medio dunha Asemblea Xeral Extraordinaria.

Os cargos que componen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo dodereito de ser reembolsados dos gastos debidamente xustificados en que poidan incorrer por actuacións relacionadas coa asociación.



C.D.R. "PORTAS ABERTAS"



As persoas elixidas para estes cargos deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola asociación.

**Artigo 22-** A Xunta Directiva reunirase sempre que o acorde o/a Presidente/a por si, ou a instancia de tres membros da mesma; tomará as súas decisións por maioría simple dos asistentes, salvo cando se trate da convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria que requirirá a maioría absoluta dos presentes. En caso de empate, decidirá o voto do Presidente/a.

De todas as reunións levantarase unha acta, elaborada polo Secretario/a e co V. B. do Presidente/a.

#### **Artigo 23- Son facultades da Xunta Directiva:**

- a) Coordinar e dirixir o C.D.R Portas Abertas.
- b) Autorizar ó/á Presidente/a, ó/á Coordinador/a Xeral, ó/á Secretario/a ou ó/á Tesoureiro/a a abrir e cerrar contas correntes; e en xeral realizar todas as operacións que sexan precisas para a boa marcha da Tesourería do C.D.R.
- c) Convocar Asembleas Xerais, Ordinarias e Extraordinarias.
- d) Representar ó C.D.R nos actos, naturais e xurídicos, precisos para a realización das súas actividades e o cumprimento dos seus fins, cando non estean expresamente reservados á Asemblea Xeral.
- e) Establecer acordos, convenios e contratos de prestación de servizos con outras entidades, públicas e privadas.
- f) Nomear comisións ou delegacións para a xestión de asuntos concretos.
- g) En xeral, exercer todas as facultades que explicitamente non estean reservadas a Asemblea, e que a Xunta Directiva considere necesario abordar sempre que se respeten os presentes estatutos.

#### **Artigo 24- Membros da Xunta Directiva:**

- Presidente/a.
- Coordinador/a Xeral.
- Secretario/a.
- Tesoureiro/a
- Vogais, de 1 a 7.

#### **Artigo 25- Funcións dos membros da Xunta Directiva:**

- 1- O Presidente/a da asociación terá as seguintes atribucións:
  - a) Representar á asociación perante calquera organismo público ou privado.



C.D.R. "PORTAS ABERTAS"

- b) Convocar e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva; presidir as sesións da Asemblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria; dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade no caso de empate.
- c) Executar os acordos adaptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- d) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- e) Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto co/a Secretario/o, Coordinador/a xeral ou o membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento do que se trate.

2- Coordinador/a Xeral:

- a) Representar á asociación en substitución do/a Presidente/a, cando así este o acorde, en actos ante organismos públicos e privados.
- b) Asinar, indistintamente co/a Presidente/a, previa autorización deste, documentos laborais dos traballadores/as (nóminas, contratos,...) ou outros nos que non sexa indispensable a sinatura do/a Presidente/a.
- c) Supervisar a contratación dos/as traballadores/as da asociación e participar no proceso de selección dos/as mesmos/as.
- d) Asistir ó/á Presidente/a nas súas funcións e substituílo en caso de vacante por ausencia ou enfermidade.
- e) Coordinar as distintas áreas de actuación da entidade.

3- Secretario/a:

- a) Recibir e tramitar as solicitudes de ingreso na asociación, levar o ficheiro e o libro de rexistro de asociados e ter ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspónelle, así mesmo, notificar as convocatorias, custodiar as actas e expedir certificacións destas co visto e prace do/a Presidente/a. O/a Secretario/a tamén levará o inventario dos bens da asociacións nun libro establecido para este efecto.
- b) Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do/a Secretario/a, o/a Presidente/a designará entre os/as vogais a un que leve a cabo esta función.

4- Tesoureiro/a:

- a) Recadar e custodiar os fondos pertencentes á asociación, dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o/a Presidente/a, levar a contabilidade da asociación, tomar razón e levar conta dos ingresos e gastos asociativos, elaborar o borrador de orzamentos da asociación, así como as contas de resultados e balances.
- b) O/a Tesoureiro/a ten a obriga de proceder ó peche do exercicio orzamentario antes do 31 de decembro, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da asociación antes da celebración da Asemblea Ordinaria.



5- Vogais:

- Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
- Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

**Comisións ou Delegacións Específicas.**

**Artigo 26- Comisións ou Delegacións Específicas.**

- A Comisión ou Delegación terá as competencias que especificamente lle delege a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

**Artigo 27- Composición:**

- A Comisión ou Delegación estará composta como mínimo por tres socios/as activos de Portas Abertas, podendo incluir as persoas que o Delegado/a ou Coordinador/a estime necesarias, aínda que sexan alleas á Asociación, sempre que acaten o marco estatutario.
- A Comisión ou Delegación estará formada por un membro Delegado/a e Colaboradores/as.

**Artigo 28- Elección:**

- As comisións formaranse a proposta da Xunta Directiva ou a petición do 25% dos socios/as.
- Os membros da Delegación ou Comisión poderán ser destituídos do seu cargo en calquera momento pola Asemblea Xeral. E suspendidos inmediatamente pola Xunta Directiva.

**Artigo 29- Funcionamento:**

O/a Coordinador/a da Comisión ou Delegación manterá constantemente informados ós órganos da Asociación das actividades levadas a cabo e dos acordos tomados, que se axustarán sempre a unhas previsións, proxecto ou memoria pola que se creou a Delegación.

As Comisións ou Delegacións acatarán os estatutos e os límites marcados pola Asemblea ou pola Xunta Directiva.

Serán membros natos de calquera Delegación o/a Tesoureiro/a da asociación, mais outro membro da Xunta Directiva (Presidente/a, Coordinador/a Xeral ou Secretario/a). Estes serán os autorizados para abrir contas desa delegación, sen impedimento de que nas mesmas figure outro/a socio/a que non teña ningún cargo na Xunta Directiva.



C.D.R. "PORTAS ABERTAS"



## CAPÍTULO IV RÉXIMEN ECONÓMICO

### Artigo 30- Responsabilidade:

Os/as socios/as non responderán persoalmente dás débedas sociais da Asociación, pero terán a responsabilidade penal imputable as súas actuacións conscientes, e tomadas dentro das súas atribucións.

### Artigo 31.- Os recursos que integrarán o Patrimonio da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas que na Asemblea Xeral se establezan anualmente para os/as socios/as.
- b) As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
- c) A renda dos bens que legalmente puidera chegar a posuír.
- d) As sancións económicas.
- e) Achegas doutras entidades ou persoas non asociadas.
- f) Os ingresos que poida recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
- g) As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- h) Calquera outro ingreso admitido polo lexislación vixente para actividades non lucrativas.

**Artigo 32.-** A asociación poderá adquirir e posuír toda clase de bens e dereitos, e deberá dedicalos en forma exclusiva ós fins sociais indicados e ó cumprimento das obrigas contraídas con tal obxecto.

**Artigo 33.-** As liberdades que se concedan a esta asociación terán os límites na Lei de Asociación, salvo que se obteña a declaración de "Utilidade Pública".

**Artigo 34.-** Para a retirada dos fondos dos que dispoña a asociación en entidades bancarias, serán precisas as firmas de ó menos dous dos seguintes membros da Xunta Directiva, Coordinador/a Xeral, Tesoureiro/a, e/ ou Presidente/a. Cando afecta a unha das Delegacións ou comisións específicas, será preciso a firma do Delegado/a, acompañado do Tesoureiro/a, Presidente/a ou Coordinador/a Xeral.

Todos os recursos da entidade serán dedicados a financiación das súas actividades. Se algúin exercicio se saldara con resultados económicos positivos, estes serán aplicados en exercicios posteriores, segundo o previsto nos fins da asociación, recollidos nos presentes estatutos.



A asociación do Centro de Desenvolvemento Rural "Portas Abertas", disporá dunha relación actualizada dos/as seus/súas socios/as, e levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do seu patrimonio, do resultado e da súa situación financeira, así como, das actividades realizadas e efectuará un inventario de bens e recollerá nun libro de actas as reunións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral. A contabilidade levarase a cabo conforme ás normas específicas que lle resulten de aplicación.

As contas da asociación aprobaranse anualmente pola Asemblea Xeral. A data de peche do exercicio será o 31 de decembro de cada ano.

**Artigo 35.-** Os beneficios obtidos por esta asociación, derivadas do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse, exclusivamente, ó cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso o reparto entre os/as asociados/as, nin entre os seus cónxuxes ou persoas que convivan con eles con análoga relación de afectividade, nin entre os seus parentes, nin a súa cesión gratuita a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

**Artigo 36.-** O presuposto anual ordinario desta Asociación estimase en TRECENTOS MIL EUROS (300.000 €) e extraordinario nuns TRES MILLÓNS de euros (3.000.000 €).

## CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

**Artigo 37.-** Entidade poderá dispor dun regulamento de réxime interno. O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos, como o procedemento de elección dos membros da Xunta Directiva, e o procedemento disciplinario, e non pode ir en ningún caso en contra do estipulado neles. De todos os xeitos, o funcionamento interno da asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

## CAPÍTULO VI DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

**Artigo 38.-** A asociación poderá declararse disolta por acordo adoptado pola Asemblea Xeral Extraordinaria co voto favorable das tres cuartas partes dos/as socios/as en primeira convocatoria, e en segunda convocatoria, 24-72 horas despois, co voto favorable das  $\frac{2}{3}$  partes dos/as socios/as presentes.



C.D.R. "PORTAS ABERTAS"



Non se disolverá a asociación mentres un mínimo do 10% dos/as socios/as están decididos a continuar a vida da asociación e se sometan por escrito a sosteñela economicamente, facéndose cargo da totalidade das responsabilidades sociais da mesma.

*(Handwritten signature)*

**Artigo 39.-** En caso da disolución da asociación, a Asemblea Xeral que tomou dito acordo nomeará unha comisión liquidadora para que practique a liquidación do pasivo da asociación. Os bens sociais dedicaranse con total prioridade a cubrir todo o pasivo e obrigas contraídas, e o resultante, se o houbese, será invertido en obras ou programas dentro dos fins da asociación, ou ben poderá optarse por unha doazón, a unha entidade que teña uns fins coincidentes, en todo ou en parte, cos desta asociación e que os reciba co compromiso de empregalos segundo os termos estipulados na doazón aprobada.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL

*(Handwritten signature)*

En todo canto non este previsto nos presentes Estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do derecho de asociación e as disposiciones complementarias.

*(Handwritten signatures)*



C.D.R. "PORTAS ABERTAS"

### DILIXENCIA DE CERTIFICACIÓN

D. Isaac Barreira Gallego, con DNI 34910844-M, en calidad de Secretario da Asociación do Centro de Desenvolvemetno Rural "Portas Abertas", con CIF G-32122384,

#### CERTIFICA:

Que os presentes estatutos foron modificados na súa totalidade, por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 30 de abril de 2015, contendo todas as modificacóns aprobadas na mesma.

En Arzádegos, a 30 de abril de 2015.

Vº Bº

Asdo.: Isaac Barreira Gallego  
O SECRETARIO



Asdo.: José Paz Paz  
O PRESIDENTE

